

PALABRA DE VIDA

Maio 2025

«Señor, ti sábelo todo; ti sabes que te quero» (Jn 21, 17).

O último capítulo do Evanxeo de Juan lévanos a Galilea, ao lago de Tiberíades. Despóis da morte de Xesús, Pedro, Juan e outros discípulos volveron ao seu traballo de pescadores, pero por desgraza a noite non foi frutífera.

O Resucitado maniféstase alí por terceira vez e exhórtaos a botar de novo as redes, e esta vez recollen moitos peixes. Logo convídaos a compartir a comida na beira. Pedro e os demais recoñécérono, pero non se atreven a dirixirllle a palabra.

Xesús toma a iniciativa e diríxese a Pedro cunha pregunta moi comprometida: «Simón de Xoán, ámasme máis que estes?». É un momento solemne: por tres veces Xesús renova a chamada a Pedro (cf. *Mt* 16, 18–19) para coidar das súas ovellas, das que El mesmo é o Pastor (*Jn* 10, 14).

«Señor, ti sábelo todo; ti sabes que te quero».

Pero Pedro sabe que fallou, e esta trágica experiencia impídelle responder positivamente á pregunta de Xesús. E responde con humildade: «Ti sabes que te quero».

Durante todo o diálogo, Xesús non lle bota en cara a Pedro a súa traizón, non se explaya subliñando o erro. Achégase a el mostrándolle as súas posibilidades, introdúceo na súa dolorosa ferida para sandala coa súa amizade. O único que pide é reconstruír a relación con confianza recíproca.

E brota de Pedro unha resposta que é un acto de consciencia da súa debilidade e, ao mesmo tempo, de confianza ilimitada no amor acolledor do seu Mestre e Señor:

«Señor, ti sábelo todo; ti sabes que te quero».

Tamén a cada un de nós Xesús faille a mesma pregunta: ámasme? Queres ser o meu amigo?

El sábeo todo: coñece os dons que recibimos del mesmo, e tamén as nosas debilidades e feridas, ás veces sanguentas. E aínda así renova a súa confianza, non nas nosas forzas, senón na amizade con El.

Nesta amizade Pedro atopará o valor de testemuñar o amor a Jesús ata dar a vida.

«Momentos de debilidade, de frustración e de desalento temos todos: [...] adversidades, situacións dolorosas, enfermidades, mortes, probas interiores, incomprensións, tentacións, fracasos [...] Precisamente quen se sente incapaz de superar certas probas que se abaten sobre o corpo e sobre a alma, e por iso non pode contar coas súas forzas, está en condicións de fiarse de Dios. E El, atraído por esta confianza, intervéñ. Onde El actúa, obra cousas grandes, que parecen máis grandes precisamente porque brotan da nosa pequenez»¹.

¹ C. Lubich, Palabra de vida de xullo de 2000: *Ciudad Nueva* n. 367 (2000/7), p. 24

No día a día podemos presentarnos a Deus tal como somos e pedir a súa amizade, que cura. Neste abandono confiado na súa misericordia poderemos volver á intimidade co Señor e renovar o camiño con El.

«Señor, ti sábelo todo; ti sabes que te quero».

Esta Palabra de vida pode converterse en oración persoal, na nosa resposta para encomendarnos a Deus coas nosas poucas forzas e darlle as grazas polos signos do seu amor:

«[...] Quérote porque entraches na miña vida máis que o aire nos meus pulmóns, máis que o sangue nas miñas veas. Entraches onde ninguén podía entrar, cando ninguén podía axudarme, cada vez que ninguén podía consolarme. [...] Concédeme estarche agradecida – polo menos un pouco– durante o tempo que me queda, por este amor que derramaches sobre min e que me obrigou a dicirche: quéroche»².

Tamén nas nosas relacións familiares, sociais e eclesiais podemos aprender o estilo de Xesús: amar a todos, ser os primeiros en amar, «lavar os pés» (cf. Jn 13, 14) aos nosos irmáns, sobre todo aos máis pequenos e fráxiles. Aprenderemos a acoller a cada un con humildade e paciencia, sen xulgar, abertos a pedir e recibir o perdón, para comprender xuntos como camiñar na vida uns á beira doutros.

Letizia Magri e o equipo da Palabra de vida

² C. Lubich, «Gratitud», en *Pensamientos* (1961): *Escritos espirituales/1*, Ciudad Nueva, Madrid 1995, pp. 156-157